

RECURSOS

PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACOMPAÑAMENTO A PERSOAS SEN FOGAR

CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO

Rúa Luis Peña Novo, 6, Lugo.
982 24 20 09

COMEDOR SAN FROILAN

DIOCESE DE LUGO / OBISPADO DE LUGO

Rúa Armanyá, 27001, Lugo.
982 25 30 91

ALBERGUE MUNICIPAL FOGAR DO TRANSEÚNTE

CONCELLO DE LUGO

Rúa Deputación, 12, 27004, Lugo.
982 29 73 08

Solicitud

Policia Local

Para os 3 primeiros días no albergue. 982 29 71 10.
Rúa de Artes, 35, Lugo.

Traballadora Social Uxío Novoneyra

Para prolongación de estancia no albergue.
982 29 74 92. Rúa Quiroga Ballesteros, s/n, Lugo.

ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS SEN FOGAR

CRUZ VERMELLA

Av. de Madrid, s/n, 27002, Lugo.
982 23 16 13

Cáritas Diocesana de Lugo

Rúa Luis Peña Novo, 6, Lugo.

982 24 20 09

www.caritaslugo.es



CAMIÑEMOS XUNTOS



ACOLLIDA E ACOMPAÑAMENTO A PERSOAS SEN FOGAR

Máis de 50 anos acompañando a persoas sen fogar
dende os Servizos Xerais e as Cáritas Parroquiais e
Interparroquiais



Campaña de persoas sen fogar 2024





O camiño das persoas sen fogar é longo e está cheo de atrancos.

O **senfogarismo** é unha realidade dramática e dolorosa que cada día afecta a mais persoas, cun camiño duro e complexo, cheo de dificultades, pero cando outros os miran e os escoitan como o que son, persoas, todo cambia.

En Cáritas Diocesana de Lugo levamos máis de 50 anos acompañando a persoas sen fogar dende os Servizos Xerais e as Cáritas Parroquiais e interparroquiais.

Na actualidade, dende o **Programa de Acollida e Acompañamento ás Persoas sen Fogar** prestamos axuda dende diferentes áreas.



Acollida, asesoramento e información

Espacio de primeira toma de contacto no que se valoran as necesidades referidas polas persoas e onde poden ser detectadas novas necesidades. Facilítase información dos diferentes recursos ós que poida acceder, tanto os do propio programa como os da cidade.



Axuda para aloxamento e cobertura de necesidades básicas

O enfoque dende o programa de Acollida e Acompañamento a Persoas Sen Fogar de Cáritas Diocesana de Lugo é aquel centrado no acceso a unha vivenda estable (housing led policies), como componente fundamental no proceso de recuperación das persoas. Polo tanto, un dos principais servizos do programa, son as axudas económicas destinadas a ofrecer unha vivenda estable, acompañadas de axudas para cubrir o resto de necesidades básicas.



Apoio psicolóxico

Gran parte das persoas Sen Fogar teñen problemáticas de saúde mental. Polo que dende o programa, ademáis da coordinación con diferentes servizos de acompañamento e tratamento psiquiátrico, facilítaselle un servizo de apoio e atención psicolóxica atendendo á recuperación integral das persoas.



Coordinación con outros servizos

Co obxectivo de conseguir a recuperación integral das persoas e os seus dereitos, entendemos a coordinación con outros servizos fundamental para poder facela efectiva.